

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Consuelo Martínez García**, deputada e voceira do G.P. MIXTO, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, presenta a seguinte **pregunta** dirixida ao **Presidente** da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral no **Pleno**.

O pasado día 13 de maio, o goberno marroquí impediu a entrada dunha delegación galega formada por tres deputadas e dous deputados do Parlamento Galego, dous representantes da SOGAPS e dúas periodistas que tiña como obxectivo comprobar de primeira man a situación que está a vivir a poboación saharauí ante as continuas denuncias de violación sistemática dos dereitos humanos.

Por parte do Parlamento galego declarouse que a institución se limitou a financiar a viaxe das deputadas e dos deputados e que cumpriu a súa obriga de notificarlle a viaxe ao Ministerio de Exteriores, o cal nun abandono total das súas obrigas como potencia administradora do territorio só se limitou a avisar o xoves pola tarde de que cabía a posibilidade de que o goberno marroquí impedise a entrada no país á delegación galega, no canto de demandar do mesmo o respecto aos dereitos humanos do pobo saharauí nos territorios ocupados do Sahara Occidental facilitando a labor da Minurso para a celebración do referendo de autodeterminación establecido polo Consello de Seguridade da ONU na resolución 690 de 29 de abril de 1991.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta ao Presidente da Xunta:

- Vai defender o Presidente da Xunta de Galicia a dignidade institucional das deputadas e dos deputados galegos, demandando do goberno do

---

estado que reprobe a actitude ditatorial do goberno de El Aaiun ante o goberno marroquí?

No Pazo do Parlamento a luns, 16 de maio de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García*

*Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galiza*

***Asinado dixitalmente por:***

***María Consuelo Martínez García na data 16/05/2016 13:17:13***

